

DECRETO DE ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación da obra “**Mellora de camiños 2018 (PDR)**” iniciado por Providencia de Alcaldía de data 6 de setembro de 2018, que serviu tamén de xustificación da solución contractual proposta.

Atendido que constan no mesmo:

--Documento de retención de crédito (RC).

--Pregos de Prescricións Técnicas

--Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

--Informe da Secretaria dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares de data 10 de setembro de 2018.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención municipal na data 10 de setembro de 2018.

Visto o Decreto 1050/2018 de 11 de setembro de aprobación de expediente de contratación e pregos

Visto que unha vez publicados na Plataforma advertíuse erros nos mesmos, non substanciais, pero para evitar confusións, procede a rectificación dos mesmos

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda da LCSP, e Decreto de delegación nº 682/2015 de 15 de xuño.

Visto o recollido no artigo 10 da Lei 40/2015 respecto a avocación da delegación de competencias

Visto todo o anterior e en aras das competencias que ao abeiro da lexislación vixente me corresponden, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Modificar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato de obra de “ **Mellora de Camiños 2018 (PDR)**” por procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

TERCEIRO. Publicar ditos pregos modificados no Perfil de Contratante.

Documento asinado electronicamente á marxe